



# CONCELLO DE PORTO DO SON

CONCELLERÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO,  
XUVENTUDE, VOLUNTARIADO, SEGURIDADE E  
PROTECCIÓN CIVIL



## **BASES XERAIS DE ADMISIÓN NO CURSO GRATUÍTO DE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS.**

### **1.- Persoas destinatarias.**

Poderán presentar solicitude de participación neste curso as persoas interesadas en xeral, tendo prioridade aquelas empadroadas no Concello de Porto do Son.

### **2.- Solicitudes.**

As solicitudes de participación nesta acción formativa, segundo o modelo que se anexa, dirixiranse ao Alcalde - Presidente do Concello de Porto do Son e presentaranse no rexistro do Concello de Porto do Son (Rúa da Atalaia Nº 7 Porto do Son), de luns a venres en horario de 09.00h a 14.00h.

### **3.- Documentación.**

Xunto coa solicitude de admisión, as persoas interesadas deberán presentar:

- Fotocopia do DNI ou NIE.
- Volante de empadramento no Concello de Porto do Son.

### **4.- Prazo de inscrición.**

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 22 de febreiro de 2017 e rematará día 27 de febreiro de 2017 ás 14.00h.

No caso de non cubrirse as prazas, poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

### **5.- Selección de participantes.**

A selección dos participantes farase por rigorosa orde de presentación de solicitudes (xunto coa documentación requirida) no rexistro do Concello de Porto do Son.

### **6.- Número de prazas.**

Esta acción formativa conta cun total de 15 prazas.

### **7.- Datas e Lugar de celebración do curso.**

O curso vaise celebrar o martes día 7 de marzo de 2017, en horario de 16.00h a 19.30h, nas instalacións do Viveiro de Empresas do Concello de Porto do Son.



# CONCELLO DE PORTO DO SON

CONCELLERÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO,  
XUVENTUDE, VOLUNTARIADO, SEGURIDADE E  
PROTECCIÓN CIVIL



## 8.- Contidos do curso.

Entre outras, no curso abordaranse as seguintes cuestións:

- Os alimentos; seguridade e hixiene alimentaria.
- Obrigacións e prohibicións na manipulación de alimentos.
- Alteración e contaminación de alimentos.
- Enfermidades transmitidas por alimentos.
- Conservación de alimentos.
- Boas prácticas de hixiene e fabricación.
- Etc.

## 9.- Condicións de superación do curso.

A obtención do carné de manipulador/a de alimentos require a asistencia a toda a xornada do curso.

Os participantes seleccionados deberán presentar o día do curso unha fotografía tamaño carné para poder expedir a correspondente certificación de superación do mesmo.

Porto do Son, 20 de febreiro de 2017